

ROGOS E PREGUNTAS

- Que se faga un recoñecemento público a Banda Municipal de Música de Caldas de Reis que acaba de gañar nada menos que o primeiro premio do certame de bandas de Aranda, e que ademais neste momento xusto está a recollelo, porque é un premio moi importante nun certame recoñecido a nivel estatal.
 - Se atenda as lexítimas reclamacións dos veciños do lugar de Pazo na parroquia de Santa María que lle trasladamos a Vostede no escrito de 7/8/2019.
 - Que se atenda o noso escrito de 6/9/2019 no cal se lle pedía una reforma da pasarela de madeira na prolongación da Rúa Doctor José Sesto Casal, así como a reposición das luminarias nas Palmeiras, a limpeza do cruceiro e da fonte, e a limpeza a fondo de todas estas rúas, incluída a rúa Real no entronque con Fornos.
 - Se atenda as lexítimas reclamacións dos veciños do lugar de Follente na parroquia de Bemil que lle trasladamos a Vostede no escrito con número de entrada 5228 do 19/8/2019.
 - Que se cambien a ubicacións dos contenedores no lugar de Cope en Carracedo posto que están pegados o apeadeiro dos nenos e resulta insoportable estar alí esperando.
 - Que se faga un tratamento intensivo na rúa Souto María López debido o enorme número de ratas que alí existen e que están a padecer os veciños.
 - Que se nos suministre, a maior brevedade posible, posto que algúns veciños veñen de pedirnos contas, canto está a costarlle os veciños de Caldas os viaxes, as estancias e as manutencións dos visitantes e autoridades colombianas e dos viaxe alá.
 - Que se sinalen no viario municipal, no aparcadoiro da igrexa de Santo Andrés de Cesar, unhas prazas de aparcamento preferente para os vehículos fúnebres e de familiares, posto que cando se celebra un funeral non teñen maneira de acceder a igrexa.
 - Que se revisen as prazas de estacionamento para vehículos de persoas con mobilidade reducida no lugar de San Roque, posto que se nos están a queixar de que se se aparcan os vehículos nesas prazas nin poden baixar do coche nin subir.
 - Cáritas ven de trasladarnos a necesidade de habilitar un aloxamento público para as persoas en risco de exclusión que están a atender, dende o noso grupo consideramos a atención a estos colectivos desfavorecidos prioritaria e por ello pregolle que o seu equipo de goberno valore a posibilidade de levar a cabo ese investimento.
 - Que se leve a cabo una actuación de millora do campo da festa de Reirís, valorando a posibilidade de instalar algún equipamento para xogar os nenos.
 - Que contemple a necesidade urxente de levar a cabo unha actuación de millora do firme no antigo tramo da N640 no lugar de Reirís, que é agora de titularidade municipal e se atopa nun estado lamentable.
 - Que se leve a cabo una actuación de limpeza da fachada da casa consistorial e se elimine a vexetación que trepa polo lateral que da o río.
- ¿Qué está a pasar co alumado público de Cesar en San Clemente que continuamente está a saltar e os veciños están a obscuras?.



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

- ¿Cal é a situación actual no comedor do Colexio Alfonso VII, posto que algúns familiares nos veñen de trasladar que algúns nenos non poden acceder o servizo por falta de prazas? ¿E certo?.
- ¿Pensa Vostede cumprir o acordo asinado o día 5/3/2009 cunha familia propietario na rúa Hipólito de Saa, mediante o cal esta familia cedía metros cadrados gratuitamente para urbanizar a rúa e a cambio Vostede comprometíase literalmente: “...O Concello farase cargo do importe das obras para a reposición dos cerramentos e accesos existentes”, dende 2009 non fixo nada e resulta incluso un perigo para os peóns polo enorme desnivel existente?.
- ¿Parecelle razoable que os paramentos dos fondos das porterías e canastas, do campo de xogo dos rapaces na Tafona, de recente construción, estén apuntalados con enorme perigo que elo supón?, de feito un fondo caeu afortunadamente se causar danos físicos a ningún neno. ¿Pensa Vostede poñer as instalacións e condicións ou van a morrer así?



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620